

13. Cada equipo é responsabilidade do alumno/a ao que é asignado, diante de calquera incidencia técnica co mesmo debe poñela en coñecemento do mestre/a, titor/a ou do coordinador Edixgal.

14. Deberemos ter coidado coas bolsas ou mochilas que teñamos polo chan, xa que é doado tropezar con elas.

15-Asemade haberá unhas normas na clase para utilización do Encerado Dixital Interactivo: Limpeza, bo uso, non tocar con obxectos que poidan marcar ou punzantes, etc

16. É responsabilidade do alumno/a o coidado do equipo asignado e o seu mantemento en bo estado. Para elo debe preservalo de temperaturas extremas, a humidade e mesmo evitar golpes ou colocar calquera obxecto enriba del.

17. A información que se almacena nestes equipos estará relacionada con tarefas educativas, non se permite a instalación de ningún programa, aplicación ou material que non estea en relación directa co uso docente.

18. Debemos deixar sempre o proxector apagado, xa que a súa lámpada ten unhas horas de funcionamento e pode ser que cando se queira encender, non encenda e se poida continuar a clase.

19. O uso de rede do centro terá sempre unha finalidade educativa. Queda por elo prohibido o acceso a páxinas cuxos contidos non sexan de carácter educativo

20. É obrigatorio entregar o netbook ó profesor que o solicite para a súa revisión. En caso de detectar un mal uso do equipo este poderá serlle retirado ao alumno e aplicarlle se fora o caso a sanción que se determine nas NOFC do centro.

**Lida a presente normativa asinan a continuación os alumnos usuarios dos equipamentos da aula EDIXGAL.**

**As familias dos alumnos/as terán coñecemento deste documento e asinarán conxuntamente xunto a do alumno/a.**

Firma do alumno:

Firma da nai/pai/titor:

Asdo:

Asdo:

**NOTA: Entregar asinado xunto ao “Compromiso dixital coa familia”**

**CEIP MANUEL RESPINO**

**Curso 2022—2023**



## **NORMATIVA E PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NA AULA EDIXGAL**





# Normativa e Protocolo de actuación na aula Edixgal - CEIP Manuel Respino

Docentes e alumnos dos centros implicados desenvolverán a súa actividade educativa diaria nun **entorno virtual de aprendizaxe** que lles vai permitir acceder a contidos dixitais con provedores como a editorial EDEBÉ, Aula Planeta e a empresa de contidos dixitais Netex. No noso centro vai dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, os que deberán cumprir e respectar en todo momento a normativa de uso establecida de maneira xerérica nas NOFC e mesmo a que aquí se especifica para estes equipos, sabendo que o incumprimento da mesma, levará, ademais da perda dos privilexios da utilización do netbook no Proxecto Edixgal, calquera das sancións que se establecen no devandito Regulamento. As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade da falta ou incumprimento da normativa serán, entre outras, as que a continuación se sinalan:

- A retirada temporal ou definitiva do notebook.
- Calquera outra aprobada polo Consello Escolar e que se inclúa nas NOFC do centro.

Ademais da normativa de uso xeral, estes ordenadores están suxeitos a unha normativa propia e complementaria que aquí se explicita:

1. Cada un dos netbooks ten un identificativo que se corresponde con cada alumno/a. De aí que sempre se collerá o portátil que se ten asignado para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.
2. Antes de coller o portátil, os alumnos/as deixarán as súas mesas libres ou co material que indique o profesor/a, para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.
3. No caso de telo no carro de carga, cada alumno/a irá por orden establecido. En ningún caso se acudirá en grupos para evitar aglomeracións que deriven en posibles caídas dos equipos.
4. Sempre se collerá ó portátil coas dúas mans de xeito que ao levalo non lles tape a visión do camiño e tropecen.
5. O alumno non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesor, unha vez rematada a exposición do traballo que van realizar.
6. Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil nin cando estea aberta nin cando estea pechada a tapa. Non se debe tocar nunca cos dedos sen permiso do profesor, nin con ningún obxecto, agás o punteiro cando así se indique.

7. Se un alumno/a ten algún problema co seu netbook, ten que esperar a que o profesor remate a súa explicación e o poida atender.
8. Cada alumno terá un nome de usuario e un contrasinal que se corresponde co do netbook que ten asignado co fin de facilitar o rexistro da súa actividade en "<https://eva.edu.xunta.gal>"
9. Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos, velando pola súa orde e a súa conservación.
10. Cada alumno/a será responsable de gardar o traballo, e se é o caso, de apagar correctamente o equipo ao finalizar a clase.
11. No caso de levar os miniportátiles para a casa para estudar ou a realización de tarefas extraescolares, deberán traer o ordenador coa batería cargada co 100%.
12. Os netbooks só se poderán sacar da aula para levar ao fogar, se así o considera o mestre/a, non tendo outra utilidade que a educativa; e tendo cuberto e debidamente asinado o **Compromiso dixital coa familia**. Cada neno terase que facer responsable do seu e non levar a cabo ningunha acción no doutro compañeiro.